



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1777/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 8 de NOVEMBRO de 2024**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e corenta minutos do día oito de novembro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(907).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(908).- BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS” 2024-2025. EXPTE. 10321/335.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 07/11/2024, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O Servizo de Festas está a organizar a tradicional Cabalgata de Reis, que terá lugar o día 5 de xaneiro de 2025, venres, na cidade de Vigo.

Como vén sendo habitual, o concello ofrece ás nenas e aos nenos da nosa cidade a posibilidade de participar activamente neste evento, mediante a convocatoria do concurso: **“Vente cos Reis Magos”**.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

DAS BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS” 2024-2025

O concurso ten por obxecto seleccionar a corenta nenas e nenos da cidade para acompañar ás súas maxestades nas carrozas reais, dentro da comitiva real. Para ilo é preciso aprobar unhas bases que establezan os criterios para a selección dos nenos e nenas, así como as normas que rexen á convocatoria.

Unha vez aprobadas as bases de participación para este concurso publicaranse mediante anuncio na páxina web municipal www.vigo.org.

As bases inclúense no Anexo I a este informe.

-II-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

-IX-

PROPOSTA DE ACORDO

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1777/1102

“1º.- Aprobar as Bases de participación que se achegan como anexo ao presente informe ao concurso 'Vente cos Reis Magos 2024-2025' que teñen por obxecto seleccionar a corenta nenas/os para acompañar aos Reis Magos na comitiva real da Cabalgata de Reis 2025.

2º.- Publicar as bases na páxina web municipal www.vigo.org”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS 2024- 2025”

1.- Obxecto

O obxecto deste concurso é seleccionar a corenta nenas e nenos, en total, para acompañar aos Reis Magos na Cabalgata de Reis, que terá lugar na cidade de Vigo o día 5 de xaneiro de 2025. As/os nenas/os serán repartidos en grupos de dez nas tres carrozas reais e na do Carteiro Real.

2.- Requisitos de participación

Neste concurso poderán participar todas as nenas e todos os nenos da cidade que o desexen.

A única limitación por motivos de seguridade será a idade: só poderán participar aqueles nados entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2016, ambos incluídos.

Así mesmo, as nenas e nenos seleccionados en edicións anteriores non poderán tomar parte neste concurso.

3.- Lugar de presentación de solicitudes

As inscricións depositaranse nas caixas de correos do Carteiro Real que se instalarán na entrada á Lonxa da Casa do Concello e nos Centros Cívicos de Teis, Casco Vello, Coruxo e Saiáns.

Para participar só será necesario cubrir a solicitude de participación que poderá descargarse da páxina web municipal (www.vigo.org) así mesmo repartiránse exemplares entre centros cívicos, colexios e asociacións culturais.

Só se aceptará unha solicitude por nena ou neno, sendo eliminados do concurso aquelas persoas que presenten máis dunha solicitude por nena/o.

O período de inscrición será do 20 de novembro ao 10 de decembro de 2024, ambos incluídos.

Finalizado o prazo de inscrición elaborárase unha lista de participantes. Ao abeiro de dita lista convocárase sorteo público.

4.- Protección de datos

A protección de datos garante o dereito dos cidadáns e cidadás a controlar os seus datos persoais e a dispor e decidir sobre os mesmos. Toda a cidadanía ten o dereito fundamental á protección da súa privacidade e dos seus datos persoais.

O tratamento dos datos de carácter persoal que se reciban a través desta sede electrónica axustárase aos principios e obrigacións establecidos no [Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 \(RGDP\)](#), relativo á protección das persoas físicas con respecto ao tratamento de datos persoais e á libre circulación dos ditos datos, e polo que se derroga á Directiva 95/46/CE, e a [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais](#).

O Concello de Vigo comprométese ao cumprimento da súa obrigaón de confidencialidade con respecto aos datos de carácter persoal que poidan ser solicitados a través dos servizos da súa sede, e ao seu tratamento. Para estes efectos, adoptáranse as medidas necesarias para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.

A recollida e tratamento automatizado de datos de carácter persoal ten como única finalidade a prestación dos servizos solicitados, e o seguimento de consultas realizadas polas persoas usuarias.

Os datos persoais proporcionados conserváranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recollen e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar da finalidade, ademais dos períodos establecidos na normativa de arquivos e documentación.

Con carácter xeral non se comunicarán os datos persoais a terceiros, salvo obrigaón legal, entre as que poden estar as comunicacións a xuíces e tribunais.

En todo momento poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición solicitándoo á Dirección da Axencia por calquera medio que deixe constancia do seu envío e da súa recepción.

Máis información:

https://sede.vigo.org/expedientes//sede_textos/texto.jsp?id=sede_lopd&lang=gal

5.- Lugar e data do sorteo

Finalizado o prazo de inscrición convocárase o sorteo público. Este sorteo realizarase ante un funcionario/a municipal que teña asignada a fe pública, para a selección dos corenta (40) participantes.

O sorteo realizarase o día 16 de decembro de 2024, ás 12:00 horas, no Auditorio Municipal da Casa do Concello.

No sorteo, ademais das nenas e nenos seleccionadas/os, elixíranse doce suplentes para cubrir posibles baixas ou renuncias.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1777/1102

Do resultado do sorteo elaborárase unha lista dos 40 candidatos seleccionados e unha lista de 12 suplentes.

6.- Documentación a achegar das persoas seleccionadas

Os pais, nais ou titor/es das nenas e dos nenos seleccionados no sorteo deberán, previa comunicación do Servizo de Festas, achegar a seguinte documentación:

- a) A autorización de participación da nai/pai/titor/a do neno ou nena, segundo modelo facilitado polo Servizo de Festas
- b) A autorización para o uso de imaxes dos nenos e nenas participantes que se obteñan na vía pública
- c) DNI ou libro de familia no que se acredite a idade do neno ou nena
- d) Documento acreditativo da súa condición de pai, nai ou titor/a do menor seleccionado
- e) Un número de teléfono de contacto onde localizar ao pai/nai/titor/a e unha dirección de correo electrónico onde notificar o requirimento de documentación

No caso de non achegar esta documentación no prazo indicado polo servizo de festas, o concello poderá declaralos decaídos da súa solicitude de participación, e procederase a un novo chamamento na lista de suplentes.

O neno ou nena, que por razóns persoais, non poda asistir á cabalgata, deberá comunicalo o antes posible ao servizo municipal de festas, co fin de cubrir dita praza.

7.- Seguro de Responsabilidade Civil

O Concello de Vigo disporá dunha póliza de responsabilidade civil que cubra os danos ocasionados ou sufridos polos participantes no desenvolvemento deste evento.

8.- Órgano competente

A Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal queda facultada para resolver as posibles eventualidades que poidan xurdir no desenvolvemento deste concurso e que non estean previstas nestas bases.

9.- Publicidade

As bases de participación neste concurso publicaranse mediante anuncio na páxina web municipal www.vigo.org e nos medios de comunicación locais.

10.- Outras obrigas

A inscrición para participar neste concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases.

Todo neno ou nena que participe como figurante na cabalgata, deberá ir acompañado en todo momento por un adulto responsable. Este adulto, estará obrigado a participar nunha charla informativa sobre seguridade que será impartida por este concello o día 2 de xaneiro de 2025 ás 11:00 horas no auditorio municipal. Do mesmo xeito deberán colaborar co persoal encargado da organización do evento durante o recorrido de la Cabalgata.

3(909).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE CAMELOS PARA A CABALGATA DE REIS 2025. EXPTE. 10324/335.

Visto o informe xurídico do 05/11/2024, e o informe de fiscalización do 06/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/11/2024, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 30 de outubro de 2024, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do subministro de caramelos para a Cabalgata de Reis 2025.

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), xunto coa resolución da concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 30 de outubro de 2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1777/1102

- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2024, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 29 de decembro de 2023 e publicado no perfil de contratante.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 30 de outubro de 2024.
- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares, de data 30 de outubro de 2024.
- Memoria económica, de data 30 de outubro de 2024.
- Certificado de retención de crédito de data 31 de outubro de 2024 (operación nº 12024000179774).
- Memoria xustificativa de data 31 de outubro de 2024.
- Prego de cláusulas administrativas particulares de data 4 de novembro de 2024.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo órgano de contratación.

Nos municipios de grande poboación aos que se refire o artigo 121 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a disposición adicional 2ª da LCSP sinala no seu apartado 4º que o órgano de contratación será a Xunta de Goberno local. No Concello de Vigo esta competencia de iniciación dos expedientes de contratación está delegada por acordo da Xunta do Goberno local do 22 de xuño do 2023 e posteriores modificacións, nos concelleiros da Área (BOPPO núm. 134 de 10 de xullo do 2024, última modificación vixente).

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada ao abeiro do disposto no artigo 159.6 da LCSP.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (disposición adicional 3ª.8 LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª.4 LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e

disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP, e o documento contable, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte

ACORDO:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do subministro de caramelos para a Cabalgata de Reis 2025 (10.324-335).

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 30 de outubro de 2024, asinado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos, e o prego de cláusulas administrativas particulares do 4 de novembro de 2024, asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe do orzamento base de licitación 35.235,20 euros, sendo o valor estimado do contrato de 29.120,00 euros euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0901 “Cabalgata de Reis” e bolsa de vinculación.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(910).- AUTORIZACIÓN DE ASISTENCIA DE PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS COMO COOPERADOR POLA DANA DA COMUNIDADE DE VALENCIA. EXPTE. 7206/213.

Visto o informe de fiscalización de data 06/11/2024, sométese a aprobación o informe proposta do 05/11/2024, asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios, o xefe de Área de Seguridade e Mobilidade e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- O 29 de outubro de 2024, por efectos dunha Depresión Illada en Niveis Altos (DANA en adiante), produciuse un desastre natural, con especial incidencia na



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1777/1102

Comunidade Valenciana. Dita tormenta tivo a denominación técnica de sistema convectivo de mesoescala 4, que provocou chuvias torrenciais que acumularon cerca de 500 L/m² nalgúns puntos, ocasionando desbordamentos de ríos e barrancos na vertente mediterránea e unha serie de inundacións lóstrego que foron especialmente catastróficas na provincia de Valencia, ocasionando un número por determinar de falecidos e cuantiosos danos materiais.

Segundo.- O sábado 02 de novembro de 2024 a Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA), por orde da Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia, en reunión telemática informa aos principais concellos de Galicia das necesidades de medios técnicos e humanos identificadas polo Centro de Coordinación de emerxencias da CCAA Valenciana constituído este como Centro de Coordinación Operativa Integrado (CECOPI) ex. Art. 56 e 57 de la Ley 13/2010 de 23 de noviembre de la Generalitat, de Protección Civil y Gestión de emergencias.

Ditas necesidades pasan polo inmediato traslado ao lugar dos feitos reseñados de persoal tecnicamente cualificado para cooperar nas labores de procura e rescate de persoas desaparecidas, tarefas de limpeza de viais, desescombros, rescate e reparto de axuda de primeira necesidade, etc....

Incorpórase ao expediente o email do Xerente da Axencia Galega de Emerxencias co contido do manifestado na reunión telemática.

Terceiro.- A Área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, estima idóneo enviar aos seguintes funcionarios de carreira, con postos no Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS), en comisión de servizo con dereito a indemnización que a continuación se relacionan:

Núm Persoal	Nome	Apelidos	DNI	Posto
78781	F. Javier	Rivero Álvarez	***0856**	Cabo
81947	Ricardo	Gómez Choren	***7983**	Bombeiro
84273	Cristian	Estévez Enríquez	***6570**	Bombeiro
81946	David	Moledo Pereira	***5980**	Bombeiro
83721	Anxo	Sobрино Costoya	***7836**	Condutor
84734	Daniel	Pérez Lorenzo	***4531**	Condutor

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- A competencia para autorizar a comisión de servizo e as indemnizacións a cuxo devengo da lugar a execución da mesma corresponde á Xunta de Goberno Local, de conformidade coas prescricións do art. 127 g), h) da Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local.

Segundo.- De conformidade co art. 10, 18 e concordantes do RD 462/2002, aos funcionarios do SEIS e da Policía Local encadrados no grupo 3, segundo o Anexo I da citada disposición, a Orden EHA/3770/2005, de 1 de decembro, o Acordo do Consello de Ministros de 2 de decembro de 2005, polo que se revisa o importe das dietas en territorio nacional establecidas no anexo I, correspóndenlle percibir a cada un deles:

- 771,30 euros en concepto de dieta enteira polos dez días de duración da comisión de servizo a contar desde o 4 de novembro e ata o 13 de novembro de 2024 (48,92 euros en concepto de aloxamento e 28,21 euros en concepto de manutención).

Na aplicación orzamentaria da área de gasto de Seguridade **1360.2302000 (dietas para persoal)** e no seu nivel de vinculación existe crédito adecuado e suficiente para dar cobertura aos gastos por importe de **4.627,80 euros**.

O traslado á Comunidade Valenciana farase en vehículo oficial do propio Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.

Á finalización da prestación do servizo encomendado, tramitarase a correspondente nota de gastos de maneira individualizada, previa comprobación das xustificacións de gasto.

Terceiro.- De conformidade co disposto no art. 39 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das AAPP, os actos das AAPP suxeitos ao Dereito Administrativo *“presumiranse válidos e producirán efectos desde a data en que se diten, salvo que neles dispóñase outra cousa”* (art. 39.1) ; non obstante, *“Excepcionalmente, poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados, así como cando produzan efectos favorables ao interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existisen xa na data a que se retrotraiga a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas.”* (art. 39.3).

Cuarto.- A situación de emerxencia de protección civil acontecido na CCAA Valenciana é un feito notorio, e a urxencia na prestación dos medios condición indispensable de eficiencia e eficacia para o salvamento de vidas, a protección dos bens, e o máis inmediato restablecemento da situación creada (arts. 16 y 17 da Lei 17/2015 do Sistema Nacional de Protección Civil).

En vista de canto antecede, o funcionario que subscribe ven en propoñer á Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte,

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

1.- Autorizar aos funcionarios de carreira con posto no servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS) que se indican a continuación para o traslado, realización dos traballos de cooperación que correspondan como persoal técnico cualificado para a cooperación



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1777/1102

nos traballos necesarios dimanantes dos efectos da DANA acaecida na Comunidade Valenciana o pasado 29/10/2024:

Núm Persoal	Nome	Apelidos	DNI	Posto
78781	F. Javier	Rivero Álvarez	***0856**	Cabo
81947	Ricardo	Gómez Choren	***7983**	Bombeiro
84273	Cristian	Estévez Enríquez	***6570**	Bombeiro
81946	David	Moledo Pereira	***5980**	Bombeiro
83721	Anxo	Sobrino Costoya	***7836**	Conductor
84734	Daniel	Pérez Lorenzo	***4531**	Conductor

2.- A comisión terá a seguinte duración:

–Saída o luns 04 de novembro de 2024 ás 07:00 horas.

–Regreso o mércores 13 de novembro de 2024 despois das 07:00 horas.

3.- O traslado á Comunidade Valenciana farase en vehículos oficiais do propio Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.

4.- Autorizar o gasto de **4.627,80 euros** polas dietas devengadas na duración da comisión, con cargo á aplicación orzamentaria da área de gastos de seguridade 1320.2302000 (dietas para persoal), correspondéndolle a cada funcionario un total de 771,30 euros.

5.- Por razón de estrita urxencia e de conformidade co establecido no art. 39, 1 e 3 da Lei 39/2015, a comisión de servizos queda autorizada desde a encomenda efectiva da prestación polo servizo, realizada o luns 04 de novembro de 2024 ás 07:00 horas.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(911).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE APOIO E ASESORAMENTO TÉCNICO PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DO CASCO HISTÓRICO DA VILA DE BOUZAS NO MARCO DO PRTR FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA –NEXT GENERATION EU. EXPTE. 8661/104.

Visto o informe xurídico do 30/10/2024 e o informe de fiscalización do 05/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/10/2024, asinado pola técnica de Actividades Turísticas e conformado pola concelleira-delegada de Turismo, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

Antecedentes:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, foi asinada o 17/07/24
- Memoria económica de data 23-24/09/24, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 02/08/24
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 23/09/24
- Memoria xustificativa de data 10/10/24 relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da elección do criterio de adjudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación da fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1777/1102

- Lugar de entrega dos servizos obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 11/10/24
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola servizo de contratación de data 29/10/24

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No Concello de Vigo esta competencia esta delegada por Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2023 e posterior corrección de data 28.06.2024 a estrutura da administración municipal: Delegación de competencias e Decreto do Alcalde área de Goberno de Política social, Turismo e Xuventude de data 28.06.24

A Concelleira delegada de Turismo mediante resolución de 17/07/24 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto con varios criterios de adxudicación en aplicación dos artigos 131.2, 145, e 156.1 de la Lei 9/2017, conforme aos términos e requisitos establecidos en dito texto legal.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP, os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), modificacións do contrato (artigo 207 da LCSP)

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª . 4 LCSP)

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto de **CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE APOIO E ASESORAMENTO TÉCNICO PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DO CASCO HISTÓRICO DA VILA DE BOUZAS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU, ANO 2023**

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 23/09/24 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares 29/10/24 de data que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación.

Tercero: Aprobar o gasto polo importe máximo de licitación de 75.005,25€ sendo o importe correspondente ao IVE de 13.017,45 € distribuíndose nas seguintes anualidades:

2024	25.001,75 € (incluído IVE)
2025	25.001,75 € (incluído IVE)
2026	25.001,75 € (incluído IVE)
TOTAL	75.005,25 € (incluído IVE)

O contrato financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 4320.227.99.10, co proxecto asociado 24432050 "PSTD BOUZAS"

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1777/1102

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez